

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 30 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (código de procedemento MT975I).

Mediante a Orde do 1 de xullo de 2021 (DOG núm. 133, do 14 de xullo) a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo públicas as bases reguladoras para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os órganos administrativos publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións que concedan con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

Convén sinalar que estas subvencións están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ao abeiro do disposto no Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) número 1083/2006 do Consello, e no Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006.

CVE-DOG: 4x3in1x8-hqf2-s5t5-dot5-gtffv7s7nwk8



En concreto, estas actuacións enmárcanse no programa operativo Feder Galicia 2014-2020; obxectivo temático 6: Conservar e protexer o medio e promover a eficiencia dos recursos; prioridade de investimento 6.1: O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para dar resposta ás necesidades identificadas polos Estados membros; obxectivo específico 6.1.1: Desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos incluíndo accións de peche de ciclo; tendo en conta tanto os plans de xestión como os investimentos en infraestruturas; actuación 6.1.1.3: Financiamento para o fomento de actuacións que contribúan ao desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG 2010-2022).

En consecuencia,

RESOLVO:

Facer público no *Diario Oficial de Galicia* o resultado do proceso de concesión das subvencións concedidas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (código de procedemento MT975I) e que figuran no anexo desta resolución de conformidade co seguinte:

a) Convocatoria: Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva para o ano 2021, código de procedemento MT975I (DOG núm. 133, do 14 de xullo).

b) Programa e crédito orzamentario: as subvencións relativas ao obxecto desta resolución imputáronse á aplicación orzamentaria 08.02.541D.760.1, código de proxecto 2019 89, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 consonte o seguinte:

Aplicación	Importe 2021	Total
08.02.541D.760.1	1.576.780,52 €	1.576.780,52 €

c) Finalidade da axuda: o financiamento de actuacións destinadas a favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos, a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación



dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes na comunidade autónoma, para a xestión de residuos especiais de competencia municipal.

d) Destinatarios: entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lles correspondan en materia de xestión de residuos.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

ANEXO

Nº expediente	Nome solicitante	NIF solicitante	Actuación	Contía subvención concedida
EELL-001-2021-RES	As Nogais	P2703700A	Punto limpo móbil	69.520,13 €
EELL-003-2021-RES	Baralla	P2703600C	Punto limpo móbil	44.940,79 €
EELL-004-2021-RES	Folgoso do Courel	P2701700C	Punto limpo móbil	28.199,56 €
EELL-005-2021-RES	Melón	P3204700C	Punto limpo móbil	49.413,38 €
EELL-006-2021-RES	Trabada	P2706100A	Punto limpo móbil	70.000,00 €
EELL-007-2021-RES	O Páramo	P2704300I	Punto limpo móbil	54.831,15 €
EELL-008-2021-RES	Paderne	P1506500F	Punto limpo móbil	26.726,44 €
EELL-009-2021-RES	Begonte	P2700700D	Punto limpo móbil	30.416,74 €
EELL-010-2021-RES	Vilarmador	P1509200J	Punto limpo móbil	40.736,84 €
EELL-011-2021-RES	Agrupación dos concellos da Pontenova, A Pastoriza, Meira, Riotorto, Pol e Ribeira de Piquín	P2704800H	Punto limpo móbil	99.912,58 €
EELL-012-2021-RES	Dozón	P3601600D	Punto limpo móbil	69.756,50 €
EELL-014-2021-RES	Paradela	P2704200A	Punto limpo móbil	66.295,18 €
EELL-016-2021-RES	Bóveda	P2700800B	Punto limpo móbil	57.148,30 €
EELL-017-2021-RES	Becerreá	P2700600F	Punto limpo móbil	57.991,83 €
EELL-019-2021-RES	Boborás	P3201400C	Punto limpo móbil	69.127,30 €
EELL-020-2021-RES	Antas de Ulla	P2700300C	Punto limpo móbil	29.948,35 €
EELL-021-2021-RES	Santiso	P1508000E	Punto limpo móbil	68.500,00 €
EELL-022-2021-RES	Agrupación dos concellos de Portas, Campo Lameiro e Moraña	P3603200A	Punto limpo móbil	90.000,00 €
EELL-023-2021-RES	Dodro	P1503300D	Punto limpo móbil	15.345,50 €



Nº expediente	Nome solicitante	NIF solicitante	Actuación	Contía subvención concedida
EELL-024-2021-RES	Agrupación dos concellos de Frades e Mesía	P1503900A	Punto limpo móbil	69.127,30 €
EELL-025-2021-RES	Abadín	P2700100G	Punto limpo móbil	48.998,74 €
EELL-026-2021-RES	Toques	P1508400G	Punto limpo móbil	52.453,50 €
EELL-027-2021-RES	Pazos de Borbén	P3603700J	Punto limpo móbil	58.305,83 €

